



UGT



Servizos
Públicos
Ensino



As traballadoras e traballadores do ensino concertado dicimos basta: a mobilización non fixo máis que comezar

A xornada de folga do ensino concertado galego demostrou hoxe, con claridade, que **as traballadoras e traballadores estamos unidas, mobilizadas e decididas a defender os nosos dereitos.**

O seguimento da folga acadou máis dun 60 %, un dato que valoramos moi positivamente e que evidencia o profundo malestar existente no sector ante o bloqueio da negociación e os continuos desprezos da Xunta de Galicia e da Consellería de Educación. Cómpre destacar especialmente a **participación masiva nesta xornada de folga, malia os servizos mínimos abusivos impostos pola Consellería de Educación**, que dificultaron de maneira evidente o exercicio efectivo do dereito á folga. Estes servizos mínimos supoñen, ademais, un **agravio comparativo inaceptable respecto dos que esta mesma Consellería aplica nas folgas convocadas no ensino público**, evidenciando un trato desigual que non podemos nin imos aceptar.

A mobilización trasladouse tamén ás rúas das principais cidades galegas, onde milleiros de traballadores e traballadoras participaron nas concentracións convocadas.

Queremos destacar especialmente a **multitudinaria concentración de Vigo**, que foi unha clara demostración da forza, da unidade e da capacidade de mobilización das persoas traballadoras do ensino concertado galego.

Isto é só o comezo

As seis organizacións sindicais queremos lanzar hoxe unha mensaxe clara e contundente á **Xunta de Galicia e á Consellería de Educación: non imos consentir máis desprezos.**

Non imos aceptar máis bloqueos, máis silencios nin máis falta de respecto cara ás persoas traballadoras do ensino concertado. Levamos demasiado tempo reclamando avances nas nosas condicións salariais e laborais e esixindo que se cumpra o acordado.

Advertimos á Xunta e á Consellería de Educación de que estamos ante o inicio dun **curso que se presenta complicado se continúan bloqueando o diálogo social e a negociación colectiva.** Se deciden seguir ignorando as demandas das traballadoras e traballadores, atoparán diante un sector unido, organizado e disposto a continuar loitando.

O ensino concertado forma parte esencial do sistema educativo galego. **As súas profesionais e os seus profesionais representan preto do 30 % do ensino galego, e desenvolven cada día un labor imprescindible nos nosos centros.**

Por iso, non aceptamos ser profesionais de segunda. **Esiximos respecto, diálogo, negociación e unhas condicións salariais e laborais dignas.**

Grazas por esta demostración de unidade

As seis organizacións sindicais queremos trasladar o noso **agradecemento a todas as compañeiras e compañeiros que secundaron a folga, participaron nas concentracións e fixeron posible esta xornada de mobilización.**

E queremos deixar hoxe un compromiso claro: **FSIE, UGT, CCOO Ensino, FeUSO, SNEP e CIG imos continuar loitando, xuntas, pola dignificación das condicións salariais e laborais de todas e todos os profesionais do ensino concertado galego.**

Esta mobilización non remata hoxe: **mañá mesmo comeza unha nova etapa de loita.**

A Xunta e a Consellería de Educación teñen que decidir se queren escoitar, dialogar e negociar ou se prefiren continuar bloqueando o diálogo social e afondando no conflito.

Nós témolo claro:

Non imos parar ata conseguir respecto, diálogo, cumprimento dos acordos e unhas condicións laborais e salariais dignas para todas e todos.



Servizos
Públicos
Ensino

